

UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Area Carracedo, Iván  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup>. Carmen  
Cidrás Pidre, José  
Fernández Pulpeiro, Ana  
Gago Rodríguez, Alberto  
Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
García Mateo, M<sup>a</sup> Del Carmen  
García Pino, Antonio  
González Pillado, Esther M<sup>a</sup>  
Hernandez Sánchez, Jesús  
Membieira Iglesia, Pedro  
Montero Muñoz, María  
Sánchez Bernúdez, Ángel Manuel

### Vázquez Otero, María Elsa DECANOS/DIRECTORES:

Alonso, Bacigalupe, Luis  
Arias Sánchez, Pedro  
Garrido Valenzuela, Irene  
González Piñeiro, Luis  
Iglesias Antelo, Beatriz  
López Diaz, María  
Mejuto Fernández, Juan Carlos  
Muñoz López, Luis  
Ortiz Torres, Luis  
Suárez Pazos, Mercedes

### PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Dominguez Martin, Jorge  
González Vázquez, Encarnación  
Ramos Cabrer, Manuel

### PDI-B:

### ESTUDANTES:

Alvarez Pereira, Carmen Susana  
Fariñas Valiña, Iago  
Gómez Fernández, Sadoth  
Riobó Fernández, Aida

### PAS:

Cebro Rodríguez, Anxo M.  
Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL:

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Bernal Gómez, Rosa  
Martínez Insua, Ana Elina  
Puga Alonso, Javier  
Varela Martínez, Iago

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 9 de xuño de dous mil nove, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O martes, día 9 de xuño de 2009, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 20 de abril de 2009.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.
4. Aprobación de comisión de servizos.
5. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de substitución.
6. Aprobación, se procede, da modificación e ampliación do límite de prazas.
7. Aprobación, se procede, do cambio de área.
8. Aprobación, se procede, da delegación na COAP da aprobación do POD e do concurso de profesorado contratado para o curso 2009/2010.
9. Aprobación, se procede, da modificación e ampliación do encargo de docencia.
10. Aprobación, se procede da proposta da CIUG sobre valores provisionais de ponderación de materias de bacharelato para acceso a ensinanzas oficiais de grao.
11. Estimación, se procede, do recurso de reposición presentado por D. José Enrique Ares Gómez, na súa condición de secretario xeral da sección sindical FETE/UGT-Universidade de Vigo, contra os acordos do Consello de Goberno do 10/03/09 que aprobou o programa especial de consolidación de cadros de profesorado en áreas/campus e as normas de POD para o curso 2009-10.

12. Estimación, se procede, do recurso de reposición presentado por Dna. M<sup>a</sup> Luisa Sánchez Simón, secretaria de acción sindical da universidade de CCOO, contra o punto 6º do Consello de Goberno de data 10/03/09, polo que se aprobaron as normas do POD para o curso 2009/2010.
13. Estimación, se procede, do recurso dealzada presentado polos profesores de Enxeñaría Informática D. Víctor Manuel Darriba Bilbao, D. Francisco José Ribadas Pena e D. Manuel Vilares Ferro, contra a anulación dos acordos adoptados polo Consello de Centro na sesión de 18 de marzo de 2009.
14. Estimación, se procede, do recurso de reposición presentado por Dna. Mercedes Vila Alonso, Dna. Encarnación González Vázquez, D. José Antonio Fraiz Brea, Dna. María de la Cruz del Río Rama, D. Diego Rodríguez-Toubes Muñiz e Dna. Elena Rivo López contra o acordo do punto 5 do Consello de Goberno do día 20-04-2009 no que se aprobou o encargo de docencia que contiña a materia “Fundamentos de Organización e Xestión Empresarial”.
15. Aprobación, se procede, da normativa de suspensión e extinción de estudos oficiais de mestrado.
16. Aprobación, se procede, do calendario de aprobación de novas propostas de títulos de mestrado universitario (RD 1393/2007) para a súa implantación no curso académico 2010/2011.
17. Aprobación, se procede, da normativa de elaboración, aprobación e publicación de guías docentes da Universidade de Vigo.
18. Aprobación, se procede, do encargo á xunta de titulación de ADE, da transformación dos actuais estudos en ciencias empresariais que se imparten nos centros de Vigo e Ourense.
19. Aprobación, se procede, do protocolo de utilización de sistemas de videovixilancia na Universidade de Vigo.
20. Aprobación, se procede, da memoria da OTRI.
21. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.
22. Aprobación, se procede, do axuste orzamentario para imputación en Capítulo I de gastos de persoal.
23. Aprobación, se procede, da achega da Universidade de Vigo á Fundación de Centros de Estudos Euro-rexionais (CEER).
24. Aprobación, se procede, da liquidación e memoria económica do ano 2008.1
25. Integración, se procede, da Universidade de Vigo na asociación RUEPEP (Rede Universitaria de Estudio de Posgrao e Educación Permanente).
26. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Protocolo de actuación entre a Universidade de Vigo, a Universidade de Burgos e Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas de posgrao conducentes aos títulos oficiais de máster universitario e doutorado en enxeñaría térmica – Convenio de colaboración entre as universidades de Vigo, País Vasco e Burgos para a aprobación do plan de estudos do máster universitario en enxeñaría térmica – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, para a implantación do título de mestrado universitario en lingüística galega – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a rede Alma Mater – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a rede Alma Mater para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura e Deporte, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a realización de actividades relacionadas coa posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia – Convenio de colaboración entre a Consellaría de

Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo e Universidade da Coruña para a realización do programa de investigación histórica sobre a represión na Galicia: “As vítimas, os nomes, as voces e os lugares”(4ª fase) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a University of Prince Edward Island – Convenio específico entre a Universidade de Vigo e a University of Prince Edward Island – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e Tórculo Edicións – Convenio de colaboración das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas para a participación no programa oficial de posgrao interuniversitario en acuicultura – Convenio de colaboración das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e o Instituto Español de Oceanografía para a participación no programa oficial de posgrao interuniversitario en acuicultura – Convenio de colaboración das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e a Consellería de Pesca, Xunta de Galicia, para a participación no programa oficial de posgrao interuniversitario en acuicultura – Convenio específico interuniversitario para mobilidade de alumnos do Máster oficial en Dirección e Planificación do Turismo entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Oviedo.

27. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

28. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de planificación e asuntos económicos (1 membro do Consello Social) e Comisión Académica de Profesorado (1 membro de PDI).

29. Rogos e preguntas.

O reitor informa dunha alteración da orde do día, un cambio de orde, o punto 24 pasa a posición do punto 21 e despois trátanse o resto.

**Punto 1.** Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 20 de abril de 2009.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se ten presentado unha petición de rectificación da acta por parte do Prof. González Piñeiro, que afecta ao punto 7 da orde do día relativo á aprobación do encargo da preparación de propostas de títulos de grao para a súa implantación no curso académico 2010-2011. O cambio consta xa na folla 7 que se entregou a todos os membros de Consello de Goberno no inicio desta sesión.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do reitor.

Informa o reitor aos membros do Consello de Goberno dos seguintes asuntos:

En primeiro lugar, do tratado no Consello Galego de Universidades (CGU) celebrado o pasado venres, 29 de maio. A orde do día incluía, entre outros, tres asuntos de relevancia para esta Universidade:

1º) O CGU informou favorablemente a adscrición á Universidade de Vigo do Centro Universitario da Defensa da Escola Naval Militar de Marín, adscrición que, polo tanto, prosegue a súa tramitación normal, agora no Consejo de Universidades.

2º) O CGU acordou por unanimidade trasladar diante do Consejo General de Política Universitaria a proposta da Comunidade Autónoma Galega de conxelar as taxas académicas para o curso 2009-2010. De acordo co aprobado por este órgano na súa xuntanza do pasado martes, esta proposta pode darse por definitiva.

3º) O CGU fixo unha revisión do caso pendente das Titulacións de Empresariais. O Conselleiro de Educación recordou ao CGU a súa condición de órgano consultivo e avanzou o contido dunha Instrución de envío inmediato ás Universidades. Esta Instrución, recibida pola Universidade de Vigo ás 17:30 do pasado luns, 1 de xuño, sinteticamente di o seguinte:

Que as competencias en materia de coordinación e planificación do SUG están atribuídas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola Lei 11/1989, de 20 de xullo, o que permite recordar que a estes efectos so CGU é un órgano consultivo.

En consecuencia, a Consellería resolve:

Autorizar a implantación do Grao en Ciencias Empresariais proposto pola Universidade da Coruña (UDC), a partir do presente curso 2009-2010. A UDC non poderá modificar este novo título antes de que as Universidades de Santiago e Vigo implanten os seus no curso 2010-2011, evitándose en todo caso as duplicacións.

E manter a impartición da diplomatura de Ciencias Empresariais na Escola de Estudos Empresariais de Vigo, coa mesma oferta de prazas en primeiro curso que fixera para o presente curso 2008-2009.

Ademais, a Consellería insta ás universidades para traballar na transformación dos actuais estudos en Ciencias Empresariais que se imparten nos campus de Vigo, Ourense e Lugo, en Graos especializados vinculados coas ensinanzas empresariais, para a súa impartición no curso 2010-2011. As Universidades de Santiago e Vigo teñen liberdade para definir os perfís que consideren máis convenientes para estes novos Graos, coa encomenda de que definan unha oferta diferenciada no SUG.

Este relato de contidos e resolucións permite explicar a continuación os pasos que debe dar a Universidade de Vigo, comezando polo encargo que figura no punto nº 18 da orde do día deste mesmo Consello de Goberno.

En segundo lugar, paso a informarlles dalgúns asuntos relevantes tratados no Consejo de Universidades celebrado o pasado luns, 1 de xuño:

a) En primeiro lugar, o director Xeral de Universidades presentou datos actualizados sobre os procedementos de verificación e acreditación de graos e posgraos na ANECA. Son os seguintes:

- GRAOS: 813 con verificación positiva e 27 negativa.

- POSGRAOS: 852 con verificación positiva e 13 negativa.

Estase detectando un problema de falta de homoxeneización no traballo da ANECA, atribuíble en boa medida á carencia de criterios oficiais, por exemplo, nas titulacións de Empresariais e CC. Políticas, o que conduce a decisións moitas veces discutidas e incluso diferentes. Para evitalo, está a traballar xa unha Comisión con tres representantes da ANECA, tres do Ministerio e tres do Consejo de Universidades, que deberá adoptar decisións uniformes de sistema, que deberán ser executadas logo pola ANECA. Preténdese retrotraer a ANECA ao seu papel inicial de executor dunha política, evitando que a súa actuación acabe confundida coa das autoridades do sistema que deben facer a definición da política universitaria.

b) En segundo lugar, informouse da decisión do Ministerio de seguir adiante coa implantación para o próximo curso do novo Mestrado de Secundaria, incorporando no período de transición que representa este primeiro ano as seguintes medidas de flexibilización:

- Posibilidade de aprazar o seu inicio a xaneiro de 2010.
- Redución da presencialidade do 80 ao 65%.
- Converter o nivel de idioma estranxeiro non nun requisito de entrada no mestrado, senón de saída.
- Fixar como prezo o mínimo da banda de prezos do mestrado, isto é, 832 euros para 60 créditos e 1664 euros para 120 créditos.
- Accesibilidade condicional ás oposicións, si acreditan ter superado o mestrado antes da resolución final.

Das 46 propostas de Mestrado de Secundaria presentadas hasta o momento, 30 teñen xa Verificación Positiva e agárdase unha pronta resolución da ANECA sobre as demais. Este é o estado desta cuestión a día de hoxe.

c) E, en terceiro lugar, presentouse o Programa de Axudas a Titulados Universitarios en Situación de Desemprego para cursar Mestrados Oficiais nas universidades públicas españolas. Este é un programa dotado con 70 millóns de euros, destinado a titulados desempregados con dereito á prestación, de entre 25 e 40 anos, que se resolverá mediante convenios específicos coas universidades. Na actualidade estase a traballar nos detalles (contía das axudas, prazos para executalas, etc.) e cando sexan resoltos, sen demasiada demora, o Ministerio iniciará o contacto coas universidades interesadas.

Informa tamén o reitor sobre a substitución como vicerexerente do Campus de Ourense de D<sup>a</sup>. Beatriz Cuíñas, que marcha á Xunta de Galicia, por D. Miguel Diéguez.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes para que informe sobre a ampliación do horario das bibliotecas. A este respecto, a vicerreitora sinala que este informe responde a unha petición feita por representantes do alumnado e transmitida a través do presidente do Tribunal de Garantías. Expón que a ampliación aplícase a tres bibliotecas de Vigo: a Central do campus Lagoas-Marcosende, a do Centro Cultural Caixanova (rúa Policarpo Sanz) e a Biblioteca Municipal que se atopa no casco vello de Vigo (rúa Joaquín Yáñez). Mantense a ampliación de horarios na biblioteca de Torrecedeira e nas bibliotecas dos campus de Pontevedra e Ourense.

En canto ás datas, a Central do campus Lagoas-Marcosende e a do Centro Cultural Caixanova comezaron a dar servizo desde o 30 de maio ata o 21 de xuño; a municipal incorpórase a partir do 8 de xuño.

Os horarios son os seguintes:

- Biblioteca Central do campus Lagoas-Marcosende: sábados de 9:00 a 22:00 horas e domingos de 9:00 a 21:00. Refórzanse as liñas de VITRASA para facilitar o desprazamento desde a cidade, adecuándose a estes horarios.
- Biblioteca do Centro Cultural Caixanova: sábados e domingos de 9:00 a 21:00 h.
- Biblioteca Central Municipal: amplía o seu horario ordinario á tarde do sábado e á mañá do domingo (quendas en que estaba pechada).

Engade finalmente que a información foi difundida entre os representantes do alumnado e fíxose unha roda de prensa no Concello.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que por parte da COAP, reunida o pasado 04/06/09, dáse o informe favorable de dúas solicitudes de prazas de Profesor Titular de Universidade:

Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Botánica onde o Profesor Contratado Doutor D. Francisco Javier Rodríguez Rajó acadou acreditación ao corpo de Profesores Titulares de Universidade.

Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Edafoloxía e Química Agrícola, onde o Investigador Parga Pondal D. Juan Carlos Novoa Muñoz, que foi seleccionado na convocatoria de 2007 do Programa Especial de Promoción e que remata o seu contrato o próximo 30/09/09, acadou acreditación ao corpo de Profesores Titulares de Universidade. Unha vez aprobada a praza corresponderíalle o nomeamento de Profesor Titular Interino en data 01/10/09 agás que o concurso estea resolto na dita data.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 4.** Aprobación de comisión de servizos.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón que solicítase prórroga ata o 30/09/2010 da comisión de servizos a favor do Prof. Xosé Antón Castro Fernández da área de Historia da Arte (465) para desempeñar o cargo de Subdirector General de Patrimonio Cultural na Dirección General de Bellas Artes y Bienes Culturales del Ministerio de Cultura. Cóntase cos informes favorables do Departamento de Historia, Arte e Xeografía e da COAP, reunida o pasado 04/06/09.

A petición do departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación (X04), a COAP, reunida o pasado 04/06/09 informou favorablemente ao Consello de Goberno para que se solicite por parte da Universidade de Vigo a comisión de servizos a favor da Catedrática de Universidade da Universidade de Sevilla D<sup>a</sup>. Ángeles Parrilla Latas, a

efectos da súa incorporación na área de Didáctica e Organización Escolar no campus de Pontevedra. A solicitude ven motivada polas necesidades docentes de profesorado resultantes do balance carga-capacidade da área en Pontevedra co valor engadido da alta cualificación mostrada no currículo vitae da candidata.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 5.** Aprobación, se procede, da modificación da normativa de substitución.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala ao Consello de Goberno unha proposta de modificación, máis ben técnica, da normativa de substitución. A experiencia do presente curso 2008-09 no uso deste tipo de contratacións é positiva. Fixéronse 53 contratos de diferente dedicación e duración, o que permitiu cubrir un importante número de horas de docencia vacante.

O principal motivo para propoñer un cambio na normativa débese ao orden de prelación establecido entre as listas xeradas polos concursos específicos e as listas xeradas polos concursos de profesorado asociado. Coa normativa anterior prevalecían as listas de prazas de asociados, o que produciu algún atranco no proceso de contratación, por terse que modificar as propostas de contratación ao pasar de unha a outra lista, dado que a dedicación do contrato está limitada pola dedicación da correspondente praza de asociado. Por outra banda o perfil de candidatos a prazas de asociado non lles permitía cubrir prazas de interino pola incompatibilidade coa súa actividade principal, pero era necesario ofrecer contratos de interino a todos os candidatos das listas de asociados previamente aos que concursaban ao concurso específico.

A nova redacción do apartado 3.2 corrixe estes problemas establecendo a prioridade das listas de profesorado a tempo completo sobre as listas dos concursos específicos de lista de agarda e de estas sobre as listas dos concursos de profesorado asociado.

Outras modificacións na normativa son:

- Suprimir o sorteo cando se trata de listas producidas por dúas prazas da mesma categoría e dedicación no mesmo concurso, establecéndose que a orde de chamada entre candidatos que ocupen o mesmo posto nas ditas listas será o mesmo en que as prazas aparecen na convocatoria.
- Maior aclaración do sistema de xestión das listas polo servizo de PDI.

O resto de apartados son substancialmente os mesmos da normativa existente aínda que se intentou mellorar a redacción.

A normativa foi discutida nunha mesa de negociación do PDI formada polos comités de empresa de Ourense e Pontevedra e a xunta de PDI funcionario, onde se recolleron algunhas ideas para mellorar a redacción. A COAP, reunida o pasado 04/06/09 informa favorablemente.

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, da modificación e ampliación do límite de prazas.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que na documentación distribuída coa convocatoria deste Consello de Goberno recóllese a proposta de límite de prazas que completa a que fora aprobada no Consello de Goberno do 10/03/09.

Posteriormente a esta data aconteceron diversas circunstancias que nos aconsellaron traer hoxe a revisión da globalidade da oferta:

- Solicitude por parte da CIUG dos límites de entrada nos segundos ciclos incluso para titulacións que non ofertaban entrada en 1º curso por ter previsto a implantación do grao. No listado aparecen todas elas coas propostas dos centros.
- Instrucións da Consellería de Educación acerca da matrícula da diplomatura de ciencias empresariais en Vigo con 220 prazas (as mesmas que no presente curso 08/09), e como consecuencia a revisión do límite do grao en ADE pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo que se sitúa en 240. A documentación foi distribuída previamente ao acordo da Xunta de Centro cun límite de 360 prazas para esta titulación. A proposta é rebaixar o límite a 240 consonte á proposta do centro.
- Solicitudes de limitar o acceso para traslados por algúns centros:
  - Facultade de Ciencias da Educación e do deporte de Pontevedra: 10% da entrada en cada especialidade.
  - Escolas de Enfermaría:
    - Meixoeiro: 4 prazas (2 en 2º e 2 en 3º)
    - Povisa: 15
    - Pontevedra: 3
    - Ourense: 9 (3 en 1º, 3 en 2º, 3 en 3º)

Ábrese unha quenda de intervencións.

A Prof.<sup>ª</sup> Garrido expón que houbo Xunta de Facultade e xurdiu unha dúbida: ¿a limitación de prazas ten que tratarse na Xunta de Facultade ou de titulación?.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea resposta que ten un apartado sobre o número de prazas pero tendo en conta que é necesario ter en conta outro tipo de requisitos e elementos para a impartición dun título, como é os medios materiais de que dispón o centro, considera que isto non é necesario que se remita á ANECA. Polo tanto, considera que é a Xunta de Centro a competente para resolver esta cuestión.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, do cambio de área.

Teñen sido invitados como interesados o Prof. Jaime Díaz Bustamante e os directores dos departamentos de Economía Aplicada e Matemática Aplicada I.



Cédese a palabra ao vicerreitor de Profesorado quen expón que se solicitou polo profesor Titular de Escola Universitaria da Escola Universitaria de Estudos Empresariais D. Jaime Díaz de Bustamente cambio da área de Economía Aplicada á área de Matemática Aplicada, solicitando a súa incorporación no departamento de Matemática Aplicada I. A motivación ven dada pola súa formación e experiencia en Matemáticas e que no actual proceso de adaptación ao EEES non se contemple como o probable a responsabilidade de Economía Aplicada en docencia en Matemáticas.

Cóntase cos informes favorables dos departamentos de Economía Aplicada e Matemática Aplicada I e da COAP reunida o 04/06/09.

Solicítase tamén deste Consello de Goberno unha autorización provisional para que o citado profesor poida colaborar en docencia asignada a Matemática Aplicada I no curso 2009-2010 de ter horas dispoñibles, dado o importante déficit de docencia existente en Matemática Aplicada pola xubilación de dous profesores. Delegaríase na COAP establecer a contía da dita colaboración.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, da delegación na COAP da aprobación do POD e do concurso de profesorado contratado para o curso 2009/2010.

Sinala o reitor que se trata da delegación na COAP da aprobación do POD e do concurso de profesorado contratado para o curso 2009-2010, como se fai todos os anos.

Apróbase por asentimento.

**Punto 9.** Aprobación, se procede, da modificación e ampliación do encargo de docencia.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Profesorado quen sinala que na documentación distribuída aos membros de Consello de Goberno hai algúns cambios no encargo para os que se solicita aprobación:

Na primeira folla aparecen incidencias en materias de titulacións que denominamos LRU:

- O encargo de 1º curso da diplomatura na Escola Universitaria de Estudos Empresariais.
- Tamén aparecen algunhas incidencias en materias de libre elección: unha que non se imparte na Facultade de Bioloxía pola limitación de capacidade docente da área, outra que se confirma na Escola de Fisioterapia e a última na Facultade de Ciencias de Ourense na que se corrixe o número de créditos a 6.
- Aparecen algúns axustes de créditos e cuatrimestres en materias da diplomatura de Xestión e Administración Pública para facilitar a vinculación da docencia nestas materias con materias do novo grao que lémbrolles implántase en bloque.

Na segunda e terceira folla aparecen incidencias aos encargos de títulos de Grao:

- En enxenería informática modifícase o encargo da materia Sistemas Dixitais ao Departamento de Tecnoloxía Electrónica. O Departamento de Física Aplicada que tiña dito encargo de xeito provisional renunciou a impartir a docencia.
- Hai unha proposta de cambio de denominación nunha materia da mesma titulación. “Empresa: Fundamentos de Organización e Xestión Empresarial”, pasa a denominarse “Empresa: Administración da Tecnoloxía e a Empresa”.
- Hai algúns axustes no encargo do grao en Bioloxía, Ciencias do Mar e Estudos de Galego e Español. Debo indicar que no caso de Grao en Ciencias do Mar hai un erro na folla previamente distribuída. Os valores correctos están nas follas distribuídas onte.
- Aparecen os detalles do encargo do grao completo en Dirección e Xestión Pública que non estaban dispoñibles no anterior Consello de Goberno.
- Finalmente foron distribuídos onte os detalles do encargo da Facultade de Belas Artes tanto no grao como na Licenciatura, recibidos con posterioridade á remisión da documentación do Consello de Goberno.

Todas estas ampliacións e modificacións contan co informe favorable da COAP reunida o pasado día 04/06/09.

Infórmanos o decano da Facultade de Belas Artes dun cambio de cuatrimestre na materia da Licenciatura 2011010624 “Escultura e ambiente natural”, que pasaría do 2º ao 1º cuatrimestre para facer posible a súa vinculación coa materia do grao “Arte, natureza e medio ambiente”. Solicítase tamén que se aprobe agora, aínda que reitero a solicitude de delegar na COAP os posibles cambios de cuatrimestre que poidan xurdir.

Ábrese unha quenda de intervencións.

A Profª. Encarna González pregunta se procede a aprobación deste punto da orde do día co cambio na denominación da materia da “Empresa: Fundamentos de Organización e Xestión Empresarial”, que pasa a denominarse “Empresa: Administración da Tecnoloxía e a Empresa”, no Grao de Enxenería Informática, cando existe un recurso presentado contra a asignación desa materia ao Departamento de Informática que se vai resolver no punto 14 da orde do día de hoxe.

Intervén a secretaria. xeral para sinalar que o obxecto do recurso refírese so á petición de que se anule a asignación da materia ao Departamento de Informática e pase ao Departamento de Organización de Empresas de Marketing.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado alega que o cambio de denominación ven motivado polo intento de chegar a un acordo sobre esa asignación da materia e se decide neste momento deixar a aprobación do encargo condicionada ao que pase no punto 14.

O Prof. Ramos, pregunta se está aprobado o Encargo de Docencia de Belas Artes na Xunta de Facultade, interésase tamén polo procedemento a seguir para aprobar un cambio de materia.

Á primeira cuestión, o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado contesta que si está aprobado o encargo de Belas Artes pola Xunta de Centro.

En relación á segunda cuestión, a vicerreitora de Titulacións e Converxencia Europea sinala que para o cambio na denominación da materia se aproveitou a contestación ao informe provisional da ANECA sobre a memoria de grao para proceder a este cambio.

Apróbase por asentimento pero condicionado á resolución do punto 14.

**Punto 10.** Aprobación, se procede da proposta da CIUG sobre valores provisionais de ponderación de materias de bacharelato para acceso a ensinanza oficial de grao.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Relacións Institucionais que expón o contido concreto do documento que se aporta como **anexo I**.

O Prof. González Piñeiro pregunta se o ano que ven podería modificarse isto. Ao que o vicerreitor contesta que si.

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.** Estimación, se procede, do recurso de reposición presentado por D. José Enrique Ares Gómez, na súa condición de secretario xeral da sección sindical FETE/UGT-Universidade de Vigo, contra os acordos do Consello de Goberno do 10/03/09 que aprobou o programa especial de consolidación de cadros de profesorado en áreas/campus e as normas de POD para o curso 2009-2010.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que o secretario xeral do Sindicato FETE/UGT de la Universidade de Vigo, presentou escrito o día 4 de xuño de 2009 retirando o recurso presentado. Polo tanto, este punto da orde do día perde o seu contido.

**Punto 12.** Estimación, se procede, do recurso de reposición presentado por Dna. M<sup>a</sup> Luisa Sánchez Simón, secretaria de acción sindical da universidade de CCOO, contra o punto 6º do Consello de Goberno de data 10/03/09, polo que se aprobaron as normas do POD para o curso 2009-2010.

Ten sido invitada como interesada Dna. M<sup>a</sup> Luisa Sánchez Simón, secretaria de acción sindical da universidade de CCOO.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que trátase dun recurso de reposición contra as normas básicas do POD aprobadas no Consello de Goberno de 10 de marzo deste ano.

Os argumentos da recorrente son basicamente os seguintes:

En primeiro lugar considera que a non inclusión nas normas básicas do POD da docencia a impartir polo profesorado nos posgraos oficiais, produce un exceso no réxime de dedicación do profesorado fronte ao regulado no artigo 9 do *Real Decreto 898/1985, sobre réxime del profesorado universitario*.

En segundo lugar, entende que, segundo o establecido no art. 8 do *Real Decreto 1393/2007, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales*, se estruturan en tres ciclos: grao, máster e doutoramento. De acordo con esta previsión, considera a recorrente que os programas oficiais de posgrao deben ter o mesmo recoñecemento académico que o outorgado ao grao, debendo figurar na programación académica.

En consonancia co anterior, a recorrente solicita que se declaren nulas ou anulables as normas de POD, e que se aproben outras nas que se inclúan as horas impartidas no posgrao oficial no POD.

Fronte ás argumentacións da recorrente, apórtanse aquí as alegacións feitas pola Asesoría Xurídica ao recurso contencioso administrativo que se presentou contra á Universidade no ano 2008 (procedemento 213/2008) e que se resolveu con sentenza favorable á Universidade.

No que respecta á primeira alegación relativa á posible vulneración do cómputo de dedicación do profesorado regulada no artigo 9 do *Real Decreto 898/1985, sobre réximen del profesorado universitario*, debe partirse do tenor literal do establecido nese precepto.

Así no seu apartado catro sinala que:

*4. Las obligaciones docentes del profesorado serán, semanalmente, las que a continuación se expresan:*

- A. Para los profesores con régimen de dedicación a tiempo completo, de ocho horas lectivas y seis horas de tutorías o asistencia al alumnado, que en el caso del personal sanitario podrán realizarse en hospitales concertados, salvo para los profesores titulares de escuela universitaria, que será de doce horas lectivas y seis de tutorías o asistencia al alumnado.*
- B. Para los profesores con régimen de dedicación a tiempo parcial, entre un máximo de seis y un mínimo de tres horas lectivas, y un número igual de horas de tutoría y asistencia al alumnado, todo ello en función de las necesidades docentes e investigadoras de la Universidad.*

Pero a continuación o apdo. 9 dese mesmo artigo engade que:

*“9. Sin perjuicio del necesario cumplimiento de las obligaciones mínimas de docencia y tutoría o asistencia al alumnado, las Universidades podrán señalar en sus estatutos otras actividades a desarrollar por el profesorado durante su jornada, con el límite de que al menos un tercio de la misma quedará reservada a tareas de investigación.”*

De acordo con este apartado, a Universidade pode efectuar outro tipo de asignacións que cubran a totalidade da xornada laboral dos profesores, incluso actividades docentes (xa que o precepto fala de mínima actividade docente), e dita asignación non infrinxe a xornada máxima establecida para os profesores. Sempre, por suposto que non se supere o límite das 37,5 horas á semana establecida con carácter xeral para os funcionarios.

Cómpre lembrar ademais que os Estatutos da Universidade de Vigo, non limitan as obrigas docentes dos profesores ás recollidas no POD xa que o 87 b) dispón como obriga do profesorado “o cumprimento das tarefas docentes e investigadoras que lles correspondan, con suxeición aos procedementos de avaliación e control da súa actividade académica” sen determinar que teñan que ser necesariamente as concretadas no POD., polo que tamén se poden

encadrar estas obrigas docentes. Isto é o que ocorre coa asignación de docencia nas Programacións Académicas de Programas de Posgrao conforme ao disposto na normativa de Estudos de Posgrao.

En segundo lugar, o outro argumento que alega a recorrente é que os Programas Oficiais de Posgrao deben ter idéntico tratamento que os demais estudos de carácter oficial e, polo tanto, deben estar incluídos no POD.

A este respecto, debe sinalarse, como así o fai a Asesoría Xurídica, que a identidade no tratamento dos programas oficiais de posgrao e os demais estudos de carácter oficial aparecía recollida na disposición adicional 2ª do Real Decreto 56/2005 cando sinalaba que *“en el conjunto de actividades docentes e investigadoras, individuales de los profesores universitarios, la docencia, la dirección de programas oficiales de Postgrado y la dirección de tesis doctorales tendrán el mismo tipo de reconocimiento académico que el otorgado a las actividades desarrolladas en los estudios de Grado”*.

Non obstante, o Real Decreto 56/2005, foi derogado expresamente polo actual RD 1393/2007 que deixa vixente o decreto anterior só en relación a dúas situacións concretas: dun lado, os dereitos dos alumnos a continuar os seus estudos de acordo coa normativa vixente no momento en que os iniciaron; doutro lado, os procedementos de autorización para a implantación de programas oficiais de posgrao do curso 2008/09 iniciados antes de outubro de 2007.

Esta mesma interpretación é defendida pola Dirección General de Universidades do Ministerio de Educación y Ciencia na “Resolución de 16 de xullo de 2008, sobre “Diversos aspectos relativos a las enseñanzas de máster y doctorado en la nueva ordenación universitaria” (sinala que *“el referido Real Decreto 1393/2007, deroga expresamente el Real Decreto 56/2006, de 21 de enero, sin perjuicio de su aplicación a los procedimientos de autorización para la implantación, de acuerdo con lo dispuesto en el apartado b) de la disposición transitoria segunda de dicha norma”*).

Pois ben, o vixente RD 1393/2007, non contén no seu texto ningunha disposición similar á disposición adicional 2ª do RD 56/2006, o que pon de manifesto de forma absolutamente clara un cambio na vontade legislativa de diferenciar o tratamento do grao e posgrao.

Pero é mais, nin a LOU nin o RD 1393/2007 refírense en ningún momento ao tipo de recoñecemento que se debe dar a docencia impartida polos profesores en grao, en posgrao ou en terceiro ciclo, senón que se refíren exclusivamente á estrutura xeral das ensinanzas oficiais en tres ciclos: grao, máster e doutoramento (arts. 37 e 8, respectivamente).

Mais ben ao contrario, á vista do art. 8.1 da LOU cando regula as Escolas e Facultades, parece derivarse unha diferenza fundamental entre a docencia de grao e a impartida en posgrao e máster.

A saber, o art. 8 da LOU sinala que *“Las escuelas y facultades son los centros encargados de la organización de las enseñanzas y de los procesos académicos, administrativos y de gestión conducentes a la obtención de títulos de grado. Podrán impartir también enseñanzas conducentes a la obtención de otros títulos, así como llevar a cabo aquellas otras funciones que determine la universidad.”* Do teor literal do precepto se deriva que, para que exista un centro universitario que poida levar a denominación de “Facultade ou Escola”, necesariamente, ten que impartirse docencia de grao, mentres que é optativo para a universidade

impartir outro tipo de docencia conducente á obtención doutros títulos como poden ser os de máster ou doutoramento. Polo tanto, falamos de docencia “obrigatoria” nun caso e “voluntaria” noutro, sendo a universidade, dentro do seu ámbito de autonomía y tendo en conta as súas propias estratexias, a que determine que tipo de docencia distinta ao grao quere ofertar e como a vai organizar e estruturar.

De acordo con todo o anterior, a proposta que se fai a este Consello de Goberno é a desestimación do recurso presentado por D<sup>a</sup>. María Luisa Sánchez Simón.

Non habendo intervencións, procédese á votación da proposta feita pola secretaria xeral:

Votos a favor da desestimación do recurso: 24

Votos en contra da desestimación: 1

Abstencións: 7

Apróbase por maioría a desestimación do recurso.

**Punto 13.** Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado polos profesores de Enxeñaría Informática D. Víctor Manuel Darriba Bilbao, D. Francisco José Ribadas Pena e D. Manuel Vilares Ferro, solicitando a anulación dos acordos adoptados polo Consello de Centro na sesión de 18 de marzo de 2009.

Teñen sido invitados como interesados os profesores D. Víctor Manuel Darriba Bilbao, D. Francisco José Ribadas Pena e D. Manuel Vilares Ferro, así como o director da Escola de Enxeñaría Informática.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado polos profesores Darriba Bilbao, Ribadas Pena e Vilares Ferro, solicitando a anulación dos acordos adoptados polo Consello de Centro na sesión de 18 de marzo de 2009.

Alegan os recorrentes que a convocatoria para a sesión ordinaria de Xunta de Centro da Escola Superior de Enxeñaría Informática prevista para o mércores 18 de marzo de 2009 ás 10:00 en primeira convocatoria e 10:30 en segunda foi realizada mediante correo electrónico datado en xoves 12 de marzo ás 18:23, presentando copia impresa do correo remitido a tal efecto aos membros da Xunta de Centro.

Entenden que a notificación infrinxe os prazos recollidos no artigo 14.1 do Regulamento de Réxime Interno da Escola Superior de Enxeñaría Informática que establece que *“A convocatoria deberá ser notificada individualmente no tipo de soporte que determine a Xunta de Centro, cando menos con 5 días hábiles de antelación, salvo no caso dunha Xunta extraordinaria, que será dun día hábil”*.

Por todo o anterior piden os recorrentes a anulación dos acordos adoptados no Consello de Centro de 18 de marzo de 2009.

O informe da Asesoría Xurídica parte da consideración de que o cómputo dos prazos en procedementos administrativos ven recollido no artigo 48.1 da Lei 30/1992 de Procedemento Administrativo que establece que:

*“Siempre que por Ley o normativa comunitaria europea no se exprese otra cosa, cuando los plazos se señalen por días, se entiende que éstos son hábiles, excluyéndose del cómputo los domingos y los declarados festivos.”*

En aplicación dese precepto, a convocatoria ten lugar dentro do quinto día hábil computado dende a data fixada para a primeira convocatoria da sesión da Xunta de Centro, polo que non ten lugar antes dese quinto día hábil, que como mínimo esixe o Regulamento de Réxime Interno.

Comprobada dita circunstancia, cómpre valorar o seu alcance xurídico e concretamente se procede a anulación dos acordos tomados polo Consello de Centro da ESEI na súa sesión de 18 de marzo de 2009, tal como solicitan os recorrentes.

Ao respecto o art. 63.3 da Lei 30/1992 establece que *“La realización de actuaciones administrativas fuera del tiempo establecido para ellas sólo implicará la anulabilidad del acto cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo.”*

Polo tanto, non todo tipo de actuación administrativa fóra de prazo implica a anulabilidade do acto, polo que compre valorar se a natureza do prazo impón esa anulación.

No caso obxecto deste recurso, non existe mingua ou indefensión para o exercicio de dereitos que os recorrentes teñen atribuídos como membros do órgano colexiado porque das súas declaracións se deriva que asistiron á Xunta de Centro e participaron nos seus debates e votacións, polo que a convocatoria, a pesar de efectuarse fóra de prazo produciu o efecto de que os reclamantes coñeceron a hora e data de reunión e exercitaron os seus dereitos como membros do órgano colexiado.

Polo tanto, non procede declarar a anulabilidade da actuación administrativa e, en consecuencia, a proposta que se fai a este Consello de Goberno é a desestimación do recurso de alzada presentado.

O Prof. Darriba procede á lectura dun escrito do Prof. Vilares, que consta como **anexo II**. Seguidamente, o Prof. Darriba procede á lectura doutro escrito que tamén consta como **anexo III** e no que se pon de manifesto que o punto da orde do día está mal redactado no sentido de que os recorrentes non están en contra da anulación do acordo da Xunta de Centro. A maiores, se ratifica no contido do recurso presentado.

A secretaria xeral replica que, detectado erro na convocatoria, se corrixiu e se remitiu o punto debidamente redactado aos membros de Consello de Goberno. Seguidamente, reitera que non calquera vicio de prazo produce a nulidade ou anulabilidade do procedemento e, neste caso, a convocatoria cumpriu a súa función en canto os recorrentes asistiron á Xunta de Centro e interviñeron nos debates, de xeito que non hai mingua dos seus dereitos.

O Prof. Barreiro xustifica por qué non interrompeu o Consello de Centro porque ese mesmo día remataba o prazo para remitir o máster. Cando foi interpelado sobre a cuestión do prazo, fixo un receso para consultar á secretaria xeral, e decidiu continuar tendo en conta que todos os membros do órgano tiñan recibido a convocatoria. Engade que o propio Prof. Darriba xustificou o voto en contra, debido á total exclusión da súa área no máster.

Procédese á votación do punto:

Votos a favor da desestimación do recurso: 27:

Votos en contra de desestimación: 1

Abstencións: 3

Apróbase por maioría a desestimación do recurso.

**Punto 14.** Estimación, se procede, do recurso de reposición presentado por Dna. Mercedes Vila Alonso, Dna. Encarnación González Vázquez, D. José Antonio Fraiz Brea, Dna. María de la Cruz del Río Rama, D. Diego Rodríguez-Toubes Muñiz e Dna. Elena Rivo López contra o acordo do punto 5 do Consello de Goberno do día 20-04-2009 no que se aprobou o encargo de docencia que contiña a materia “Fundamentos de Organización e Xestión Empresarial”.

Teñen sido invitados como interesados os Profesores Dna. Mercedes Vila Alonso, D. José Antonio Fraiz Brea, Dna. María de la Cruz del Río Rama, D. Diego Rodríguez-Toubes Muñiz e Dna. Elena Rivo López e o director da Escola de Enxeñería Informática.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de reposición presentado contra o acordo do Consello de Goberno do día 20-04-2009 no que se aprobou o encargo de docencia que contiña a materia “Fundamentos de Organización e Xestión Empresarial”.

Alegan os recorrentes que dita materia foi proposta polo Departamento de Organización de Empresas e Marketing, onde foran impartidos dende sempre os contidos da devandita materia.

Entenden que os contidos da materia pertencen ao campo de coñecemento da área de Organización de Empresas e de ningunha maneira se pode entender que se asigne á área de Informática pois non é unha área afín.

Manifestan que o Departamento de Organización de Empresas e Marketing presentou unha reclamación ante a Comisión de Organización Académica e Profesorado que debía ratificar o acordo de adscrición do centro, solicitando dita comisión ao departamento a presentación dos currícula vitae dos profesores que poderían impartir a materia. Que na reunión da COAP de 16 de abril acórdase manter a adscrición ao Departamento de Informática sen explicar os criterios seguidos para tal decisión, a pesar de ser solicitados por escrito polo Departamento.

Tamén denuncian que na sesión do Consello de Goberno de 20/04/2009 aprobouse o total do encargo de docencia sen separar os casos con reclamacións.

Por todo o anterior piden os recorrentes que se cambie a adscrición da materia “Fundamentos de Organización e Xestión Empresarial” e se lle asigne ao Departamento de Organización de Empresas e Marketing.

O informe da Asesoría Xurídica baséase en que a decisión adoptada polo Consello de Goberno sobre encargo de docencia ten fundamento no art. 39 b) dos Estatutos da Universidade de Vigo:



*“Establecimiento das liñas estratéxicas e programáticas da universidade e aprobación da ordenación xeral da actividade académica e investigadora, así como das directrices e procedementos para aplicalas.”*

Tamén expresa a Asesoría Xurídica no seu informe que a condición do Consello de Goberno, como un dos órganos xerarquicamente superiores no ámbito da Universidade fai necesario abondar na inoportunidade de que un órgano inferior e os seus membros impugnen a legalidade dos actos ditados polo seu superior, tal como se recolle en STS de 4 de xuño de 1979:

*“un órgano administrativo no puede impugnar decisiones de otro órgano administrativo perteneciente a la misma entidad jurídico-pública precisamente en el ejercicio de sus propias competencias y ello porque resulta consecuencia de la falta de personalidad jurídica de los órganos y no de la falta de legitimación”*

Todo elo corroborado lexislativamente no art. 20 da Lei 29/1998 que veda o posterior acceso á xurisdicción contencioso-administrativa nos seguintes termos:

*“No pueden interponer recurso contencioso-administrativo contra la actividad de una Administración pública:*

*a. Los órganos de la misma y los miembros de sus órganos colegiados, salvo que una Ley lo autorice expresamente.”*

Por todo o anterior a Asesoría Xurídica propón a desestimación do recurso de reposición presentado. E esta é a proposta que se fai a este Consello de Goberno.

A directora do Departamento de Organización de Empresas e Marketing di que hai varios recursos: un reclama a asignación da materia e outros están feitos a título persoal. Cree que deberían aprobarse conxuntamente as materias que non presentan problemas, e deixar aparte as que crean discusión. A aprobación en bloque produce indefensión. Engade que pediron os criterios que utilizou a COAP para adoptar a súa decisión e non se lle enviaron. Sinala tamén que o vicerreitor de profesorado fixo todas as xestións posibles para chegar a un acordo, pero só o depto. que ela dirixe tivo interese en falar. Engade outros argumentos de carácter académico, relativos ao perfil dos profesores que poden impartir a materia

A Prof<sup>ª</sup>. Rivo di que en ningún momento se propuxo o cambio de adscrición da materia a Informática hai oito anos. Le os contidos da nova ficha da materia. Engade que unha modificación dun título sen modificar os contidos non dá sentido a un cambio de adscrición.

Pola súa parte, a Prof<sup>ª</sup>. M<sup>a</sup>. de la Cruz del Río sinala que presentou un recurso a título individual. Pide que se teña en conta. Defende a adscrición da materia ao seu departamento polos contidos, o mesmo que a Prof<sup>ª</sup>. Ribo.

O Prof. Rodríguez-Toubes sinala que deu a materia en Enxeñería Informática desde hai catro anos. Pedíuselle que elaborase a ficha. Ningún profesor de Enxeñería Informática se puxo en contacto con el. Sorprendeulle que o Dpto. de Enxeñería Informática tamén quixese a docencia. O contido da materia é de organización de empresas. Debería seguir sendo adscrita ao Dpto. de Organización de Empresas e Márketing, como leva facéndose. Non entende por qué os

profesores de informática están repentinamente capacitados para impartila. A avaliación por parte do alumnado ten sido superior á media da titulación, o que proba a súa satisfacción coa docencia impartida.

O Prof. Fraiz é respectuoso coa decisión dos órganos colexiados e unipersoais, pero considera que o Consello de Goberno non ten toda a información. Sinala que se presentou unha votación con todo o encargo de docencia da Universidade de Vigo e ademais do informe da COAP debería terse en conta que tamén a COAP tivo unha actuación dubitativa. Así a COAP pide os currículos dos profesores que poderían asumir esa docencia e sinala que o seu departamento podería enviar 24 currículos con perfil adecuado para impartir a materia. Finalmente, a decisión da COAP avala a tomada polo centro. Recorda que o informe de ANECA recomenda que as materias de formación básica sexan impartidas por profesores cun perfil adecuado a ditas materias. Por estes motivos fixo o recurso e solicita que a materia Fundamentos de Organización e Xestión Empresarial sexa asignada ao Departamento de Organización de Empresas e Marketing e con ese nome.

O director da Escola de Informática, Prof. Barreiro, reclama respecto ás decisións do Consello de Centro. Sinala que non é certo que un tanto por cento elevado da composición dese consello sexan profesores de informática e que a materia que se oferta é diferente, de xeito que as competencias que se puñan na materia aconsellaban o cambio de nome. Ademais tiñan que adaptarse as competencias para as que esixe a formación de enxeñaría informática. Fronte á acusación de que non quixo solucionar o problema expón que viaxou a Vigo para mostrar unha lista de posibles nomes de materias. Seguidamente, le os obxectivos xerais da materia que había anteriormente, e a continuación as competencias da nova do grao en Enxeñaría Informática, aprobadas no marco do Consejo de Universidades, para apoiar que corresponden ao ámbito da informática. Engade que os campos de coñecemento solápanse. Non pon en tela de xuízo a capacitación do profesorado do Departamento litigante para dar algunhas das competencias. Pide que non se lle negue a capacitación a eles. Alega que na elaboración do plan de estudos os encargos de elaborar fichas non implicaron encargos a Departamentos e que non fixeron reparto de tartas. O plan de estudos aprobouse por ampla maioría porque non houbo encargos previos de materias aos Dptos.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado aclara a actuación da COAP que en primeiro lugar o que ten que facer é analizar a proposta do centro e cando existe unha reclamación solicita aos departamentos implicados información para saber si a proposta que se fai por parte do centro é ou non viable, tendo en conta o número de profesores e a preparación dos mesmos, pero non procede a comparar currícula dos departamentos. A COAP polo tanto non tivo intención de comparar os currícula dos departamentos afectados.

Intentou evitar que isto chegase aquí tentando un achegamento de posturas para acadar un acordo sobre a denominación da materia. Entende que non houbo mala fe por parte da Escola e se volve a ofrecer para tentar acudir a unha vía alternativa para chegar a un acordo, revisando o proceso e partindo da base de que houbo malentendidos

A directora do Departamento, Prof<sup>ra</sup>. Vila responde por alusións e di que non lle dixo nunca que ese era o nome que lle interesaba. Sinala que se a adscrición da materia ao Departamento de Informática se debe a problemas de POD, podería entendelo. Se existen tales problemas que busque outra materia. Reitera que non houbo intención por parte do prof. Barreiro de chegar a un acordo. Só recibiu un escrito informando das decisións tomadas e non houbo consenso.

O Prof. Fraiz expón que o director da Escola de Informática fala de boa vontade, cando o que a tivo foi el mesmo en participar na elaboración do grao de Informática, pero entende que o fixeron rematadamente mal.

A Profª. Mª Cruz del Río pide que non se poña en dúbida a capacidade do profesorado do seu Departamento para comprender que é o proceso de Bolonia. Pensando no alumno (que é o centro deste proceso), os profesores e o Departamento con máis experiencia é o seu e debería impartir o contido da materia, que segue sendo o mesmo.

A Profª. Rivo abunda en que coñecen perfectamente o proceso de Bolonia. E sinala que nesta materia é na única na que se van seguir recibindo eses contidos. As competencias non poden desvincularse dos contidos.

O Prof. Mejuto quere centrar o debate, e sinala que se discute sobre a capacidade dun centro para decidir cal é o Departamento máis axeitado para impartir unha docencia. Normalmente respéctanse esas decisións. O Consello de Goberno nunca entra a mirar os contidos. Quen coñece e ten as competencias para planificar a docencia é o centro é non o departamento. O Consello de Goberno debe dar a razón ao órgano a quen os estatutos dan esa capacidade.

O Prof. Bacigalupe mostra a súa preocupación por que se poida producir un cambio de adscrición dunha materia sen ter en conta o papel dos departamentos en canto estes organizan a docencia, a pesar dos cambios que provoca o proceso de Bolonia. Non ve razóns obxectivas para o cambio de adscricións. O cambio de nome faise para dar razón ao cambio substancial.

A Profª. Garrido sinala que ela representa a un dos departamentos que solicitou impartir esa materia e unha vez que entendeu a traxectoria da materia e que era impartida polo Departamento de Organización de Empresas decidiu retirarse. Considera que existe unha situación de indefensión por parte do Dpto.

O Prof. Fraiz ten aprecio ao decano de Ciencias e repite que é respectuoso coas decisións dos órganos colexiados, pero considera que ás veces toman decisións inadecuadas.

A Profª. González Vázquez intervén contestando ao director da escola e non retira a súa alusión á mala práctica na elaboración desa guía. Sinala que non teñen interese en estar nesa escola, pero se poñen esa materia, queren que se lles teñan en conta. Mostra sorpresa pola actuación da Asesoría Xurídica, en canto o consello do asesor xurídico foi facer un recurso de reposición. Veñen ao Consello de Goberno para pedir xustiza. A partir de que os currículos garanten a formación dos docentes para impartir esa materia. No Dpto. de Organización de Empresas sempre haberá profesorado preparado para impartir esa docencia. O recurso fórmulase non con respecto á situación actual, senón á anterior.

Procédese á votación do punto (secreto por petición dun membro do Consello):

- Si: desestimación do recurso:22
- Non: estimación do recurso:5
- Abstencións: 5

Desestímase o recurso presentado.

**Punto 15.** Aprobación, se procede, da normativa de suspensión e extinción de estudos oficiais de mestrado.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón que unha vez o marco normativo externo a universidade estabilizouse coa publicación do RD1393/2007, e os centros da universidade contan cun SGIC, é necesario que a universidade conte cunha normativa que regule e homoxeneice o proceso de extinción de estudos oficiais de mestrado, suceso que acontecerá baixo dos supostos ben diferenciados:

1. A instancia das autoridades educativas por non superar o proceso de acreditación, de tal xeito que o título causará baixa no RUCT e perderá o seu carácter oficial e a súa validez en todo o territorio nacional.
2. A instancia da propia Universidade que en exercicio da súa autonomía decide a suspensión do estudos e a solicitude ás autoridades educativas da eliminación do título do RUCT.

En ambos supostos as universidades están obrigadas a garantir o adecuado desenvolvemento efectivo das ensinanzas que iniciaron os seus estudantes ata a súa finalización. Esta normativa estruturada en cinco artigos, dúas disposicións adicionais e unha transitoria, establece o procedemento a seguir polos distintos órganos responsables destes estudos de cara a efectiva extinción da docencia e avaliación dos alumnos y desenvolve o establecido no procedemento PA02 do SGIC dos centros.

De forma resumida, resaltar que unha vez decidida a suspensión dos estudos:

- A impartición da docencia extinguirase temporalmente curso por curso e tendo en conta a posibilidade da existencia de matrícula a tempo parcial dos estudantes.
- Todos os alumnos afectados deberán ser informados da devandita suspensión ou extinción antes de que remate o curso académico correspondente.
- Unha vez extinguida a docencia, os estudantes que non tivesen superados todos os créditos do mestrado terán dereito a ser avaliados nas datas previstas no calendario académico dos créditos pendentes durante o curso seguinte ao da extinción da docencia.

Esta normativa foi aprobada pola Comisión de estudos de posgrao na súa reunión do pasado 25 de maio, nunha versión na que aparecía os supostos marcados no RD 49/2004 de 14 de xaneiro, suposto que despois dunha revisión técnica chegouse a conclusión de que non son de aplicación as titulacións adaptadas ao EEES, polo que se eliminaron esas previsións da versión que se presenta hoxe.

Apróbase por asentimento o texto recollido no **anexo IV**.

**Punto 16.** Aprobación, se procede, do calendario de aprobación de novas propostas de títulos de mestrado universitario (RD 1393/2007) para a súa implantación no curso académico 2010/2011.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón que a Comisión de Estudos de Posgrao remite para a súa aprobación o calendario para a aprobación de

novas propostas de títulos de mestrado universitario para a súa implantación no curso 2010-2011. Seguidamente, procede á exposición da proposta de calendario que consta no **anexo V**.

Intervén a Prof<sup>a</sup>. Suárez quen pregunta pola Comisión que corresponda que aparece no documento.

A vicerreitora sinala que será a que o centro xunto cos promotores determinen.

O Prof. Ramos pregunta se este calendario é para todo tipo de mestrados, incluídos os profesionalizantes, ao que a vicerreitora resposta afirmativamente.

Apróbase por asentimento.

**Punto 17.** Aprobación, se procede, da normativa de elaboración, aprobación e publicación de guías docentes da Universidade de Vigo.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Converxencia Europea quen expón que as guías docentes constitúen documentos básicos que recollen toda a información institucional e académica necesaria para que un estudante poida desempeñar adecuadamente a súa tarefa nas titulacións adaptadas ao EEES. Esta normativa pretende establecer as liñas xerais que sirvan de referencia a todos os que dalgunha forma interveñen no proceso de elaboración das guías docentes, para obter unhas guías docentes harmonizadas a un formato común para toda a universidade, que permitan informar dunha maneira exhaustiva das actividades e características da oferta formativa e que sexan compatibles coas doutras universidades integradas no EEES.

Como resumen resaltaría os seguintes aspectos:

- Normativa de aplicación a todas as titulacións oficiais adaptadas ao EEES.
- Información estruturada en tres niveis: centro, titulación e materia.
- A Dirección do Centro, no caso de titulacións de grao, ou a Comisión Académica, no caso de titulacións de posgrao, organizará e supervisará a elaboración da información da titulación en colaboración con coordinadores e equipos docentes.  
Aprobación pola Xunta de Centro como mínimo un mes antes do comezo do período de matrícula dos estudos a que se refira.  
Cumpre a función de compromiso e contrato que a institución asume co alumnado que participa nos seus programas formativos.  
Para a elaboración e xestión das guías docentes, a Universidade de Vigo porá a disposición do persoal unha aplicación informática.
- Unha vez aprobadas as guías pola Xunta de Centro estarán accesibles na páxina web da Universidade de Vigo e se consideraran oficiais, polo que non se requirirá da súa entrega en papel.

Tras debater sobre a proposta a COAP na súa reunión do pasado 4 de xuño propón unha nova redacción do artigo 1 que debe dicir:

“Esta normativa será de aplicación a todos os centros, departamentos e persoal con responsabilidade docente en títulos oficiais adaptados ao EEES.”

Tamén recomenda engadir previsión de cómo se arquivarán as guías docentes. Por iso, tendo en conta o artigo 31 da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, propónse engadir ao final do artigo 3. Aprobación e publicación das guías:

“As guías docentes serán almacenadas nun arquivo electrónico que estará accesible vía web e deberá contar coas medidas de seguridade que garantan a súa integridade, autenticidade, calidade, protección e conservación”.

A Prof<sup>a</sup>. Suárez, parécelle moi axeitada a normativa pero fai un comentario en relación á referencia aos estudantes que non poden cursar a ensinanza, para que coñezan con antelación as actividades a desenvolver, e para posibilitalo solicita que se cambie a redacción.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea resalta a intención de comunicar aos estudantes con detalle como van ser as ensinanzas con antelación. Está de acordo coa proposta e procédese a un cambio de redacción que se incorpora ao texto que consta no **anexo VI**.

O Prof. González Piñeiro pregunta se a normativa vai entrar xa en vigor ao que a vicerreitora resposta que si.

Apróbase por asentimento o texto que consta no **anexo VI**.

**Punto 18.** Aprobación, se procede, do encargo á xunta de titulación de ADE, da transformación dos actuais estudos en ciencias empresariais que se imparten nos centros de Vigo e Ourense.

Teñen sido invitados como interesados o decano da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, o director da E.U. de Estudos Empresariais e o decano da Facultade de Ciencias Económicas. e Empresariais. Teñen solicitado intervención, as Profesoras Consuelo Currás Valle, Mar Riveiro Pérez e Araceli González Crespán.

Anuncia a secretaria xeral que se teñen presentado dous escritos, un polo decano da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense e outro polo director da Escola de Estudos Empresariais de Vigo.

O escrito presentado polo decano da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense reflicte un acordo da Xunta de Centro no que se solicita que a Xunta de Titulación estea formada unicamente por membros desa Facultade.

O escrito presentado polo director da Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Vigo recolle un acordo da Comisión Permanente da Escola na que solicita que Xunta de Titulación composta pola Xunta de Centro na que estean representados tódolos Departamentos e áreas vencelladas á titulación que se transforma ou ben unha xunta de titulación conxunta na que estean representadas unicamente as xuntas de titulación das diplomaturas de Ciencias Empresariais de Ourense e Vigo.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen sinala que ante o feito sobrevido da recepción o luns da instrucións por parte da Consellería de Educación para a transformación dos actuais estudos en ciencias empresariais que se imparten nos campus de Vigo e Ourense, cómpre encargar a elaboración das memorias de planos de estudo.

Partindo da base de que:

1. Existe unha Xunta de Titulación da que forman parte representantes dos tres centros de universidade de Vigo con titulacións no eido da empresa
2. Que a devandita Xunta de Titulación encargouse da preparación do grao en ADE baixo o suposto de que este grao supoñía a extinción da Licenciatura e segundo ciclo de ADE e das diplomaturas de Ciencias empresariais.

Entendemos entón:

Que os dous novos graos deben elaborarse e aprobarse no seo da Xunta de Titulación de ADE pois supoñen o deseño global dun proxecto formativo de grao no eido da empresa, conformado por tres títulos que previsiblemente compartirán un bo número de competencias, e que é necesario un traballo conxunto para perfilar-diferenciar os dous novos Graos a partir do campo que cubre o grao de ADE que xa existe.

Unha vez acordada a oferta xeral da Universidade de Vigo no ámbito de Empresa, os representantes dos centros de Ourense e Torrecedeira da Xunta de Titulación de ADE recibirán o encargo de completar/elaborar cadansúa proposta, recordando a instrución xeral da vicerreitoría de Profesorado e da COAP: “tendo en conta os recursos humanos existentes”.

As propostas deberán ser finalmente aprobadas pola xunta de titulación de ADE.

O Prof. Yáñez reitera o acordo da Xunta de Centro con respecto a ter unha fórmula propia a través de Xunta de Titulación propia para cumprir co mandato posto de manifesto pola vicerreitora. Non poñen en dúbida a existencia dun órgano de coordinación pero estiman axeitado que sexa unha comisión propia.

O Prof. Sánchez mostra a súa satisfacción polo escrito da Consellería que responde as súas reivindicacións fronte a todo o acontecido ata este momento, e reitera a súa petición contida no escrito de creación dunha Xunta de Titulación na propia Escola, sendo conscientes de que é necesario un órgano de coordinación.

O Prof. Ramos volve a pedir que se determine que título se vai montar e despois poderán decidir cal será a Xunta de Titulación. Se trata do mesmo debate que xa tivo lugar no anterior Consello de Goberno. Pide que se retire o punto en canto a Xunta de Titulación non é o órgano axeitado para tomar esa decisión.

O Prof. Gómez Fraiz: sinala que debe garantirse a coordinación dos novos títulos, e polo tanto entende que a opción de Xuntas de Titulación separadas non é o mais axeitado.

O Prof. Muñoz mostra a súa sorpresa pola nota da Consellería que fala de graos especializados cando o grao non o é. Solicita que se sexa o máis respectuoso posible cos centros. Fala de antecedentes, en canto ata agora no se decidían os títulos en Xunta de Titulación senón en comisión de ámbito. Lembra que se aprobou en Consello de Goberno un título sen nome porque non se tiña claro. De acordo con todo o anterior, cree que os centros deberían aprobar os títulos.

O reitor sinala que procederá a cumprir o contido das instrucións emanadas pola Consellería. A Universidade ten que cumprir esa instrución e o que se propón aquí vai na liña do escrito da Consellería: “traballar nos estudos...”. Isto cambia o escenario co que nos estábamos movendo todos. O natural é que asuma a responsabilidade no básico a Xunta de Titulación existente, e despois a memoria que a elabore o centro. Así, que na Xunta de Titulación se determine o perfil e despois cada centro que continúe coa memoria. A opción de que cada un traballe pola súa conta pode dar lugar a outros problemas despois. O mais axeitado é que se tente un acordo inicial co perfil. É una posición equilibrada.

A Prof<sup>ª</sup>. Garrido expón que ela está no Consello de Goberno como directora de Departamento e se encontra na disxuntiva de que os directores dos centros implicados lle piden cousas distintas e en todos os centros hai profesores do seu departamento; de acordo con anterior, anuncia que se vai abster.

Procédese á votación:

- A favor da proposta presentada pola vicerreitora, encargo á Xunta de Titulación de ADE para que chegue a un acordo de perfil e despois serán os centros os que elaboren a memoria: 19
- En contra: 1
- Abstencións: 11

A vicerreitora tendo en conta que o obxectivo é que se implanten os títulos no 2010-2011, sinala que o prazo para a remisión da memoria será de dous meses a contar dende este Consello de Goberno, sen contar agosto que é inhábil.

Apróbase por maioría.

**Punto 19.** Aprobación, se procede, do protocolo de utilización de sistemas de videovixilancia na Universidade de Vigo.

Ten solicitada intervención o Sr. Vilhar.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen expón o contido concreto da normativa que consta no **anexo VII**. Informa tamén que ten informe da Asesoría Xurídica e foi aprobada pola Comisión de Planificación e Asuntos Económicos.

Intervén o Sr. Vilhar que fai referencia á instrución 1/2006, da Agencia Española de Protección de Datos e pon de manifesto que na mesma se reflicte de forma clara que a instalación de cámaras de videovixilancia debe ser o último recurso que se utilice en canto se limitan dereitos de carácter fundamental. Fai alusión á xurisprudencia do Tribunal Constitucional que alude á necesidade da proporcionalidade das medidas limitativas dun dereito fundamental. Considera que non se acreditou neste caso que exista un estudio de que estas medidas son as únicas existentes para acadar o resultado proposto da normativa. E pregunta se hai un estudio feito ao respecto.

Alega tamén que non se negociaron as medidas que se van adoptar cos traballadores. Solicita a retirada do punto da orde do día.



Por último, pon de manifesto que a secretaria xeral permitiulle acudir con voz pero sen voto ao Consello de Goberno pero no lle remitiu a documentación do punto da orde do día, indicándoselle que o tiña á súa disposición na Secretaría Xeral cando el ten o seu posto de traballo en Pontevedra.

A secretaria xeral contesta que efectivamente o Tribunal Constitucional cando fala de limitación de dereitos fundamentais, se refire ao necesario respecto ao principio de proporcionalidade das medidas limitativas, en concreto, debe tratarse dunha medida idónea, necesaria e proporcional en sentido estrito, isto é, que busque un equilibrio entre o fin perseguido e o beneficio alcanzado. Todo isto está reflectido na Exposición de Motivos do Protocolo cando sinala que deben respectarse en todo caso *“os principios de proporcionalidade (instalación de cámaras só en aqueles lugares que resulten adecuados) e de intervención mínima (instalación previa ponderación entre os fins perseguidos e a limitación dos dereitos fundamentais dos cidadáns)”*. Ademais tamén aparece no artigo 3 en canto a instalación da cámara só se autorizará pola Comisión de Planificación cando se cumpra o requisito da proporcionalidade.

O Sr. Cebro pregunta se as cámaras gravan e quen ten acceso ás imaxes gravadas. Intervén O vicerreitor de Planificación explicando cómo será o sistema de gravación. Prodúcese un intercambio verbal entre este e o Sr. Cebro no que o vicerreitor fai varias aclaracións sobre o funcionamento do sistema de gravación.

A secretaria xeral explica que o persoal que trata os datos ten que asinar un contrato de confidencialidade e que só persoal autorizado explicitamente pode acceder ás gravacións.

O Sr. Vilhar di que ten outra explicación do punto. As cámaras existentes non están sinalizadas. É unha interpretación del a partir dunha denuncia presentada. A normativa vulnera un principio constitucional. Non se xustifica, segundo el, que non hai un método menos invasivo. Solicita a retirada do punto.

O Prof. Mejuto pregunta cómo nos custan os roubos que se producen.

A secretaria xeral di que non se coñecen os datos exactos. Engade o vicerreitor de Planificación que se poden traer a un Consello de Goberno posterior.

Procédese á votación do punto.

- Voto a favor da aprobación da normativa: 28
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 4

Apróbase por maioría.

**Punto 20.** Aprobación, se procede, da memoria da OTRI.

Cédese a palabra á vicerreitora de Investigación quen expón as liñas xerais da memoria que consta no **anexo VIII**.

Apróbase por asentimento.

**Punto 24.** Aprobación, se procede, da liquidación e memoria económica do ano 2008.

Cédese a palabra á xerente da Universidade quen expón o contido concreto da liquidación e memoria económica do ano 2008, que consta no **anexo IX**.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 21.** Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen expón os importes e aplicación para incorporación de remanentes de libre disposición que constan no **anexo X**.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 22.** Aprobación, se procede, do axuste orzamentario para imputación en Capítulo I de gastos de persoal.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen expón o axuste orzamentario para imputación en Capítulo I de gastos de persoal que consta no **anexo XI**.

Apróbase por asentimento.

**Punto 23.** Aprobación, se procede, da achega da Universidade de Vigo á Fundación de Centros de Estudos Euro-rexionais (CEER).

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía que sinala que a Universidade de Vigo é membro fundador desta fundación dende o ano 2004. Na xuntanza do 29 de xaneiro de 2009 acordouse completar as achegas iniciais dos fundadores (21.428,56€) ata acadar o capital fundacional de 30.000€, correspondéndolle a Universidade de Vigo realizar unha achega de 3.061,23€. Así mesmo estableceuse unha cota anual dos socios patróns da Fundación CEER de 4.000€.

De acordo co disposto no artigo 13.2 do orzamento de 2009 da Universidade de Vigo, correspóndelle a Comisión de Planificación e Asuntos Económicos delegada deste Consello de Goberno autorizar estas achegas dentro dos límites do crédito orzamentario. Dado que existe crédito na partida correspondente, 0000 421S 484.03, solicítase autorización para o pagamento á Fundación CEER.

Foi aprobado por asentimento na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos do día 2 de xuño de 2009.

Apróbase por asentimento.

**Punto 25. Integración, se procede, da Universidade de Vigo na asociación RUEPEP (Rede Universitaria de Estudio de Posgrao e Educación Permanente).**

Cédese a palabra ao vicerreitor de Formación e Innovación Educativa expón que se trata de formalizar a integración na Asociación RUEPEP, que consta no **anexo XII**.

Apróbase por asentimento.

**Punto 26.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Protocolo de actuación entre a Universidade de Vigo, a Universidade de Burgos e Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas de posgrao conducentes aos títulos oficiais de máster universitario e doutorado en enxeñaría térmica – Convenio de colaboración entre as universidades de Vigo, País Vasco e Burgos para a aprobación do plan de estudos do máster universitario en enxeñaría térmica – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, para a implantación do título de mestrado universitario en lingüística galega – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a rede Alma Mater – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a rede Alma Mater para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura e Deporte, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a realización de actividades relacionadas coa posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo e Universidade da Coruña para a realización do programa de investigación histórica sobre a represión na Galicia: “ As vítimas, os nomes, as voces e os lugares” (4ª fase) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a University of Prince Edward Island – Convenio específico entre a Universidade de Vigo e a University of Prince Edward Island – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e Tórculo Edicións – Convenio de colaboración das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas para a participación no programa oficial de posgrao interuniversitario en acuicultura – Convenio de colaboración das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e o Instituto Español de Oceanografía para a participación no programa oficial de posgrao interuniversitario en acuicultura – Convenio de colaboración das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e a Consellaría de Pesca, Xunta de Galicia, para a participación no programa oficial de posgrao interuniversitario en acuicultura – Convenio específico interuniversitario para mobilidade de alumnos do Máster oficial en Dirección e Planificación do Turismo entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Oviedo.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 27.** Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que non hai candidatos presentados.

**Punto 28.** Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de planificación e asuntos económicos (1 membro do Consello Social) e Comisión Académica e de Profesorado (1 membro de PDI).

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se teñen presentado dous candidatos para dúas prazas vacantes, de xeito que non é necesario facer votación.

Os novos membros das Comisións son os seguintes:

- . Na Comisión de planificación e asuntos económicos: a nova representante do Consello Social é: Laura López Atrio.

Na Comisión Académica e de Profesorado: o novo representante do PDI é Ignacio Barcia Rodríguez.

**Punto 29.** Rogos e preguntas:

Intervén a Xerente da Universidade para informar sobre os prazos de matrícula e sobre a resolución do problema de funcionamento de correo electrónico.

En relación aos prazos de matrícula, déronse instrucións para que os prazos quedaran establecidos en catro, debendo domiciliar a matrícula:

- 1º) no momento da matrícula
- 2º) o 15 de decembro
- 3º) o 15 de febreiro
- 4º) o 15 de marzo

En relación ás incidencias no funcionamento do correo electrónico, se trata de incidencias provocadas pola consideración de spam desde o dominio da Uvigo. Estará instalado a semana próxima un novo servidor e un novo filtro anti-spam. Así evitarase estar considerados como listas negras e facilitarase o correo entrante e saínte.e se ven instalar un novo servidor que permitirá reducir o número de SPAM entrante e saínte.

O Sr. Fariñas, pregunta polos catro prazos de matrícula, a xerente os reitera e o Sr. Fariña pregunta se é posible retrasar o último prazo debido a que entre o 3º e o 4º só hai un mes. A xerente sinala que estudará a posibilidade.

Continúa preguntando do Sr. Fariñas se se vai volver abrir a biblioteca a partir do 15 de agosto como xa se fixo o ano pasado.

O vicerreitor de Planificación resposta que se está á espera de que o director da Biblioteca estude esas posibilidades tendo en conta a dispoñibilidade e recursos para establecer a data precisa.

O Sr. Fariñas sinala que xa fixo consulta sobre a utilización das salas de ordenadores da residencia e quere saber se o vicerreitor de campus de Ourense fixo a xestión pertinente coa residencia. Contesta o vicerreitor que chamou con carácter inmediato á dirección da residencia e que lle comunicaron que se procedería a súa mellora.

Pregunta tamén o Sr. Fariñas ao reitor sobre as preguntas que fixo un PAS que forma parte do equipo directivo dun centro de Ourense sobre os descontos horarios, recoñecementos e xustificacions para asistir ás reunións de equipo. Pide que se lle traslade a resposta o antes posible.

Contesta a xerente que o permiso o ten sen ningún impedimento. Non existe no PAS desgravacións por este tipo de actividade. Asiste e atende dentro do seu horario laboral. Non ten obstáculos para poder realizar as súas xestións. Engade que se interesou polo tema e non detectou ningunha incidencia.

O reitor engade que se hai algún problema para o desenvolvemento das súas funcións debe comunicarse por escrito por parte do traballador.

O Prof. Ramos pregunta cuál é a previsión de traballo para as comisións de elaboración de regulamentos, unha vez que xa están aprobados polo claustro os Estatutos.

O reitor explica que algunhas poden avanzar máis que outras. Espera que nos próximos meses se poidan ir facendo cousas, pero condicionados á incorporación dos alumnos.

O Prof. Ramos pregunta tamén sobre cómo está a situación das Galescolas. O reitor contesta que a prensa publica hoxe que pasan á rede de escolas infantís. A Universidade de Vigo o que quere é que se cumpra o convenio asinado.

Finalmente, interésase o Prof. Ramos sobre a posibilidade de que os alumnos estranxeiros fagan tamén o pago de forma fraccionada.


Contesta a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea que nos máster si; polo que respecta ao terceiro ciclo o ano pasado xa se podía fraccionar o pago. Incluso poden pagar con tarxeta de crédito. A xerente repite que sempre que se fracciona o pago esíxese a domiciliación.


A Prof. Suárez solicita que se analice unha norma de terceiro ciclo: que para presentar unha tese de doutoramento feita nun idioma que non sexa oficial na Universidade de Vigo esíxese que se traduza un 10%. Pide que non se esixa cando os membros do tribunal sexan falantes de portugués. “so no caso de que os membros do tribunal non teñan un coñecemento fluído da lingua en que estea escrito”.

A vicerreitora di que pode volver tratarse de novo en comisión de estudos de posgrao pero a cuestión ten implicacións con outras linguas que poidan considerarse, como o inglés como “lingua franca”, ou outra que se poida comprender.

O Prof. González Piñeiro solicita que no caixeiro 4B que hai en Industriais non se cobre a comisión. O reitor entende que as autoridades universitarias deberían saber da existencia dese caixeiro. Se dá os datos pódense intentar as negociacións.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:25 horas do día 9 de xuño de 2009 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor  
  
 Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral  
  
 Esther M. González Pillado